



1.- OBXECTIVOS. Incentivar a creación de novos proxectos empresariais emprendidos por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, dentro do ámbito municipal do Concello de Arteixo, e que se inicien entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

Calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial que cumpra os seguintes requisitos:

- Desenvolver a súa actividade no Concello de Arteixo ou ter o enderezo fiscal e social no termo municipal de Arteixo, en caso de non dispoñer de establecemento permanente.

- Estar en situación de desemprego no momento da alta no RETA.

- Darse de alta en autónomos ou réxime similar, entre o

- Que sexan empresas de nova creación.

- Presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente.

- Non estar dados de alta, como traballadores autónomos, en igual ou similar actividade empresarial nos 6 meses inmediatamente anteriores ao inicio da actividade.

- Estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Arteixo, Xunta de Galicia e AEAT, e coa Seguridade Social.

- Compromiso de manter a actividade por conta propia durante un período mínimo de 2 anos.

- Ter concedidas ou solicitadas as licenzas de actividade necesarias, de ser o caso.

3.- CONTÍAS.

Consiste na subvención do 50% dos gastos de posta en marcha e do funcionamento dos 6 meses posteriores ao inicio da actividade, sempre que por beneficiario non supere o límite de 3.000,00€.

4.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento de concesión das axudas realizarase pola comprobación, por parte da Comisión de Valoración e Seguimento creada dentro da Concellaría Promoción e Desenvolvemento, da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, ate o esgotamento do crédito orzamentario.

5.- PRAZO.

O prazo de solicitude será do 7 de xullo de 2021 ao 30 de setembro de 2021. Para máis información consultar o BOP N° 177 do 18 de setembro de 2019 e o BOP N° 125 do 6 de xullo de 2021.

6.- DOCUMENTACIÓN (orixinais ou fotocopias compulsadas).

SOLICITUDE:

- Ficha de solicitude e demais anexos que aparecen na convocatoria.

- Datos relativos á identidade do beneficiario, sexa persoa física ou xurídica, e de ser o caso, representante e escritura de constitución inscrita no Rexistro Mercantil.

- Alta no IAE.

- Alta no réxime especial de traballadores autónomos ou réxime alternativo.

- Informe da vida laboral actualizado do beneficiario/a.

- Licenzas de inicio da actividade ou solicitude das mesmas, de ser o caso.


XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:


- Anexos de xustificación.

- Facturas e xustificantes bancarios do pago das mesmas.

- Fotografía do cartel informativo.

INFÓRMATE

 981 64 05 72

 98164 11 66

 emprego@arteixo.org

Departamento de
Promoción Económica

INCENTIVAMOS A CREACIÓN DE NOVOS PROXECTOS

